

---

# CON TANGO SON TRES

Texto de JUSTIN RICHARDSON e PETER PARNELL

Ilustracións de HENRY COLE

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

---

Encadernado en cartonné. 22 x 27 cm. 32 páx. 15 €.

- LIBRO INFANTIL DISTINGUIDO 2006 (ASOCIACIÓN AMERICANA DE BIBLIOTECAS)
- PREMIO HENRY BERGH 2005 (SOCIEDADE AMERICANA PARA A PREVENCIÓN DA CRUELDADE CONTRA OS ANIMAIS)
- MELLOR LIBRO FAMILIAR DE 2006 (NICKELODEON MAGAZINE)
- MELLOR LIBRO DO ANO 2006 (PREMIOS BANK STREET COLLEGE OF EDUCATION)
- FINALISTA DO PREMIO LAMBDA 2006

**Con Tango son tres** (galego)

ISBN 978-84-8464-985-4. Tras os montes.

**Con Tango son tres** (castelán)

ISBN 978-84-8464-984-7. Clásicos contemporáneos.

**Amb la Tango són tres** (catalán)

ISBN 978-84-8464-986-1. Clásics contemporanis.

**Tango Irtsita, hiru dira** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-928-9. Gaur egungo klasikoak.

**Três com Tango** (portugués)

ISBN 978-989-749-056-9. Clásicos contemporáneos.

*...Na casa dos pingüíns había dous pingüíns que eran un pouco diferentes. Un chamábase Roi e o outro, Silo. Os dous eran machos e facían todo xuntos. Facíanse reverencias. Camiñaban xuntos. Cantaban o un para o outro. E nadaban xuntos. Alá onde ía Roi, tamén ía Silo...*

“Con Tango son tres” é a historia real dunha singular parella de pingüíns de barbicha aos que o coidador do zoo de Central Park, en Nova York, Rob Gramzay, deulles a oportunidade -depositando un ovo no seu niño- de teren unha cría tras observar que chocaban infrutuosamente unha pedra. Así naceu Tango, que foi a primeira pingüín en ter dous pais.

O primeiro libro infantil de Justin Richardson e Peter Parnell foi un éxito e, dende a súa publicación en 2005, recibiu moitos premios. Aínda que tamén foi censurado por sectores conservadores, contrarios aos novos modelos de familia.


A historia combina texto informativo e literario en perfecto equilibrio. As expresivas ilustracións cumpren unha función descritiva, con imaxes realistas e algunhas composicións a modo de viñetas para representar o paso do tempo.

---

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---



---

■ **Temática:** natureza e familia.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** crónica; animais, natureza; adopción; diversidade, respecto, tolerancia, afectos; pais/nais do mesmo sexo; Libro Infantil Distinguido da Asociación Americana de Bibliotecas, entre outros premios.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/tango-g>

---

## Justin Richardson

(Nova York, 1963)

Psiqiatra. Estudou na Universidade de Harvard e exerceu na Facultade de Medicina da Universidade de Columbia. Traballa para escolas de Nova York impartindo charlas dirixidas a profesores, estudantes, nais e pais sobre o desenvolvemento da orientación sexual en nenos e adolescentes. Ademais de “Con Tango son tres”, é co-autor do libro “Todo o que nunca quixeches que os teus fillos souberan sobre sexo (pero temías que o puideran preguntar)”.

## Peter Parnell

(Nova York, 1953)

Guionista, escritor e produtor. As súas obras representáronse en Broadway, Nova York, Os Ánxeles e Seattle, entre outras cidades. Foi vicepresidente de *Dramatics Guild of America*, a asociación profesional de guionistas, compositores e intérpretes. Escribiu episodios da serie televisiva “*Osiño*”, baseada no clásico de [Eise Holmelund Minarik](#) e [Maurice Sendak](#), e publicado por KALANDRAKA.

## Henry Cole

(Virxinia, Estados Unidos, 1955)

Aínda que se dedica á ilustración, oficio que aprendeu de xeito autodidacta, curiosamente estudou Forestais na Universidade Politécnica de Virxinia. Ademais, impartiu clases de Ciencias. Foi coa bibliotecaria do colexio onde traballaba con quen empezou a publicar, en 1996, os seus primeiros libros. Tamén colaborou con outros autores, entre eles a actriz Julie Andrews. Publicou varias obras como escritor e ilustrador. A súa produción suma uns 70 títulos.

<http://www.henrycole.net>

